

BASES

CONCURSO MUSICAL

PONTEVEDRA

X XELA



Co gallo das Letras Galegas, para homenaxear a Xela Arias e co fin de incentivar o uso da lingua galega na música creada e interpretada no concello, o Concello de Pontevedra convoca un certame musical aberto á participación dos grupos que cumpran as seguintes bases:

As bandas participantes deben musicar, con composicións orixinais, un **poema de Xela Arias**, figura homenaxeada das Letras Galegas 2021.

Poderán participar todas aquelas bandas de calquera xénero ou estilo musical **de Pontevedra** ou que acrediten ter un compoñente de Pontevedra.

A linguaxe de comunicación, creación e interpretación ha de ser unicamente o **galego**.

Para inscribirse, os grupos participantes deberán remitir o tema composto en formato audio, MP3, MP4... xunto cos datos da banda, nome e compoñentes, os datos de contacto e fotocopia do DNI ou volante de empadramento que certifique a residencia, de polo menos un dos compoñentes, en Pontevedra ao correo **alingualatexa@gmail.com**.

O prazo de presentación remata o día **7 de maio de 2021**.

Un xurado composto por profesionais do sector cultural seleccionará os grupos finalistas.

Os 3 finalistas comprométense a interpretar a súa composición o 17 de maio, nun acto público organizado polo Concello de Pontevedra. O Concello porá o rider técnico e a produción necesaria para a realización do concerto. Nese acto tamén terá lugar a entrega de premios.

Os premios serán:

1º premio: 1.000€

2º premio: 500€

3º premio: 250€

A interpretación das bases corresponde ao xurado. O seu veredicto será inapelable.